



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A RECUPERACIÓN DUN ANTIGO MANANCIAL DE AUGA MINEIRO TERMAL NA ENSINADA DO ESTEIRO NO TERMO MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co concello de Vilanova de Arousa o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e o concello de Vilanova de Arousa para a planificación e execución dunha perforación que permita o estudo das augas de cara á recuperación dun antigo manancial de auga mineiro termal localizado na ensinada do Esteiro, no concello de Vilanova de Arousa, en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

- a) Elaboración de proxectos ou documentos técnicos descritivos das actuacións a levar a cabo, incluíndo o deseño da captación e da sondaxe.
- b) Construción e adecuación dunha sondaxe de explotación. Os traballos consistirán na perforación duns 150 m de profundidade mediante unha sondaxe polo sistema de roto percusión pneumática con martelo en fondo.
- c) Durante o desenvolvemento dos traballos de perforación tomaranse datos das características do terreo atravesado, profundidade das augas captadas e valores de caudal, temperatura, pH e condutividade das diferentes mostras das augas que se captan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (en diante VPCEII), configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Segundo dispoñen os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 80.1 da LALGA, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, os municipios poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

O concello de Vilanova de Arousa considera esencial a recuperación dun antigo manancial de auga mineiro-termal de características sulfurosas que existía, fai unhas décadas, no lugar coñecido como Barranqueiras na ensinada do Esteiro, co fin de achegar un importante valor natural á ensinada que sirva para o uso e desfrute dos cidadáns deste concello. Como consecuencia do anterior, o concello de Vilanova de Arousa considera que é necesario levar a cabo actuacións que permitan coñecer con exactitude o potencial real dos recursos hidroxeolóxicos e a súa capacidade de aproveitamento coa finalidade última da súa posta en valor, o seu uso racional, o fomento do turismo termal sostible na zona e a mellora da situación socioeconómica do municipio. En concreto, para confirmar o potencial das augas así como a súa calidade e produtividade requírese a execución dunha sondaxe que posibilite, mediante a toma de mostras periódica e regular das augas captadas, determinar, unha vez realizadas as análises pertinentes, se as augas poden acadar a condición mineiro medicinal e termal, e se o seu caudal é ou non aproveitable.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) da Lei





9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da VPCEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **VINTE MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (20.884,60 €)**, con cargo a aplicación orzamentaria **06.02.734A-760.2** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital  
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais  
Pablo Fernández Vila

